

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0613	Desenvolvemento web en contorno servidor	2024/2025	7	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O ámbito produtivo da informática permite o traballo en remoto, máis aínda desde a situación sobrevida por mor da COVID-19, polo que o contexto xeográfico do centro IES Chan do Monte, en Marín, non limita o desenvolvemento profesional dos alumnos á rexión onde se enmarca. Nas demandas do sector TIC relacionadas co módulo podemos destacar:

- Integración dos sistemas de xestión e intercambio de información baseados en tecnoloxías web
- Sistematización e organización da información, de xeito seguro e de forma integral como as bases de datos.
- Actitude favorable cara á autoformación.
- Usos de sistemas de xestión e intercambio de información baseados en diferentes plataformas e tecnoloxías
- A programación orientada a obxectos
- A toma de decisións para garantir a integridade, a consistencia e a accesibilidade dos datos.

Como concreción técnica usarase a aula virtual de Moodle que provee a Xunta de Galicia ao centro IES Chan do Monte

Intentando seguir as demandas do sector empresarial en relación ao currículo do módulo escolleuse a linguaxe de programación PHP. É posible atopala na contorna empresarial, moitas webs están realizadas nesta linguaxe e permite ampliar o coñecemento das linguaxes utilizadas no ciclo onde o alumnado se supón que superou o módulo de Programación que, normalmente se imparte con Java.

De todos os xeitos, os coñecementos adquiridos no módulo poderían extrapolarse á calquera linguaxe de programación ou framework MVC con lixeiras modificacións.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Selección de arquitecturas e ferramentas de programación	Coñecemento das arquitecturas e as tecnoloxías de programación web en contorno servidor, para o que se analiza as súas capacidades e as súas características propias.	11	5
2	Programación web con PHP	Programación de código PHP integrado en HTML para a creación de web dinámicas sinxelas.	28	10
3	Uso de técnicas de acceso a datos e mantemento do estado. Autenticación e roles.	Desenvolve aplicacións de acceso a almacéns de datos, aplicando medidas para manter a seguridade e a integridade da información. Mantemento da información do cliente no navegador e no servidor web, e autenticación dos usuarios.	42	25
4	Desenvolvemento de aplicacións web con Programación Orientada a Obxectos (POO) e arquitectura baseada en capas. Framework web.	Fundamentos da POO en PHP. Principios básicos da programación orientada a obxectos. Principios básicos da programación en capas. Uso dun framework web que emprega o modelo MVC.	56	30
5	Xeración dinámica de páxinas web con AJAX. Programación de servizos web.	Xeración de páxinas web dinámicas. Tipos de servizos web. Implementación dun servizo web REST. Uso dun servizo web.	47	20

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
6	Desenvolvemento de aplicacións web híbridas	Coñecer, crear e utilizar servizos web. Comprender e desenvolver unha aplicación híbrida.	26	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Selección de arquitecturas e ferramentas de programación	11

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona as arquitecturas e as tecnoloxías de programación web en contorno servidor, para o que analiza as súas capacidades e as súas características propias.	SI
RA2 - Escribe sentenzas executables por un servidor web, para o que recoñece e aplica procedementos de integración do código en linguaxes de marcas.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizáronse e diferenciáronse os modelos de execución de código no servidor e no cliente web.
CA1.2 Recoñecéronse as vantaxes da xeración dinámica de páxinas web e as súas diferenzas coa inclusión de sentenzas de guións no interior das páxinas web.
CA1.3 Identificáronse os mecanismos de execución de código nos servidores web.
CA1.4 Recoñeceuse a funcionalidade que achegan os servidores de aplicacións e a súa integración cos servidores web.
CA1.5 Identificáronse e caracterizáronse as linguaxes e as tecnoloxías principais relacionadas coa programación web en contorno servidor.
CA1.6 Verificáronse os mecanismos de integración das linguaxes de marcas coas linguaxes de programación en contorno servidor.
CA1.7 Recoñecéronse e avaliáronse as ferramentas de programación en contorno servidor.

Criterios de avaliación
CA1.7.1 Configurouse correctamente o contorno de desenvolvemento

CA2.1 Recoñecéronse os mecanismos de xeración de páxinas web a partir de linguaxes de marcas con código embebido.

CA2.2 Identificáronse as principais tecnoloxías asociadas.

4.1.e) Contidos
Contidos

Modelos de programación en contornos cliente-servidor.

Mecanismos de execución de código nun servidor web.

Xeración dinámica de páxinas web.

Linguaxes de programación en contorno servidor.

Integración coas linguaxes de marcas.

Tecnoloxías asociadas coas aplicacións web.

Servidores de aplicacións.

Integración cos servidores web.

Ferramentas de programación.

Linguaxes embebidas en HTML.

Tecnoloxías asociadas: PHP, ASP, JSP, servlets, etc.

O contedor web.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Programación web con PHP	28

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Escribe sentenzas executables por un servidor web, para o que recoñece e aplica procedementos de integración do código en linguaxes de marcas.	NO
RA3 - Escribe bloques de sentenzas embebidos en linguaxes de marcas, para o que selecciona e utiliza as estruturas de programación.	SI
RA4 - Desenvolve aplicacións web embebidas en linguaxes de marcas, para o que analiza e incorpora funcionalidades segundo as especificacións.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Utilizáronse etiquetas para a inclusión de código na linguaxe de marcas.
CA2.4 Recoñeceuse a sintaxe da linguaxe de programación que se deba utilizar.
CA2.5 Escríbóronse sentenzas simples e comprobáronse os seus efectos no documento resultante.
CA2.6 Utilizáronse directivas para modificar o comportamento predeterminado.
CA2.7 Utilizáronse diversos tipos de variables e operadores dispoñibles na linguaxe.
CA2.8 Identificáronse os ámbitos de uso das variables.
CA3.1 Utilizáronse mecanismos de decisión na creación de bloques de sentenzas.
CA3.2 Utilizáronse bucles e verificouse o seu funcionamento.
CA3.3 Utilizáronse arrays para almacenar e recuperar conxuntos de datos.
CA3.4 Creáronse e utilizáronse funcións.
CA3.5 Utilizáronse formularios web para interactuar co usuario do navegador web.
CA3.6 Empregáronse métodos para recuperar a información introducida no formulario.

Criterios de avaliación

CA3.7 Engadíronse comentarios ao código.

[CA4.8 Escribíronse programas que procesan ficheiros enviados polo cliente](#)

4.2.e) Contidos

Contidos

Obtención da linguaxe de marcas para amosar no cliente.

Etiquetas para inserción de código.

Bloques de código.

Directivas.

Tipos de datos: conversións entre tipos.

Variables: ámbitos de uso.

Mecanismos para a toma de decisións.

Bucles.

Tipos de datos compostos. Arrays.

Funcións.

Recuperación e uso de información proveniente do cliente web.

Procesamento da información introducida nun formulario.

Comentarios.

[Envío de ficheiros](#)

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Uso de técnicas de acceso a datos e mantemento do estado. Autenticación e roles.	42

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Desenvolve aplicacións web embebidas en linguaxes de marcas, para o que analiza e incorpora funcionalidades segundo as especificacións.	NO
RA6 - Desenvolve aplicacións de acceso a almacéns de datos, aplicando medidas para manter a seguridade e a integridade da información.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os mecanismos dispoñibles para o mantemento da información asociada a un cliente web concreto e sinaláronse as súas vantaxes.
CA4.2 Utilizáronse sesións para manter o estado das aplicacións web.
CA4.3 Utilizáronse cookies para almacenar información no cliente web e recuperouse o seu contido.
CA4.4 Identifícanse e caracterizáronse os mecanismos dispoñibles para a autenticación de usuarios.
CA4.5 Escríbense aplicacións que integren mecanismos de autenticación de usuarios.
CA4.6 Realizáronse adaptacións a aplicacións web existentes como xestores de contidos ou outras.
CA4.7 Utilizáronse ferramentas e contornos para facilitar a programación, a proba e a depuración do código.
CA4.9 Escríbense programas que manexen os erros que poidan ocorrer
CA6.1 Analizáronse as tecnoloxías que permitan o acceso mediante programación á información dispoñible en almacéns de datos.
CA6.2 Creáronse aplicacións que establezan conexións con bases de datos.

Criterios de avaliación
CA6.3 Recuperouse información almacenada en bases de datos.
CA6.4 Publicouse en aplicacións web a información recuperada.
CA6.5 Utilizáronse conxuntos de datos para almacenar a información.
CA6.6 Creáronse aplicacións web que permitan a actualización e a eliminación de información dispoñible nunha base de datos.
CA6.7 Utilizáronse transaccións para manter a consistencia da información.
CA6.8 Probáronse e documentáronse as aplicacións.
CA6.9 Empregáronse sentencias preparadas para a introducción de datos provinientes dun formulario

4.3.e) Contidos

Contidos
Mantemento do estado.
Sesións.
Cookies.
Seguridade: usuarios, perfís e papeis.
Autenticación de usuarios.
Manexo dos erros
Excepcións
Establecemento de conexións con bases de datos relacionais.
Recuperación e edición de información.
Visualización da información en páxinas web.
Uso de conxuntos de resultados.

Contidos
<p>Mecanismos de edición da información nun cliente web.</p> <p>Execución de sentenzas SQL.</p> <p>Transaccións.</p> <p>Uso doutras orixes de datos.</p> <p>Sentencias preparadas</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Desenvolvemento de aplicacións web con Programación Orientada a Obxectos (POO) e arquitectura baseada en capas. Framework web.	56

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Desenvolve aplicacións web, para o que identifica e aplica mecanismos para separar o código de presentación da lóxica de negocio.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse as vantaxes de separar a lóxica de negocio dos aspectos de presentación da aplicación.
CA5.2 Analizáronse tecnoloxías e mecanismos que permitan realizar esta separación e as súas características principais.
CA5.3 Utilizáronse obxectos e controis no servidor para xerar o aspecto visual da aplicación web no cliente.
CA5.4 Utilizáronse formularios xerados de xeito dinámico para responder aos eventos da aplicación web.
CA5.5 Identifícanse e aplicáronse os parámetros relativos á configuración da aplicación web.
CA5.6 Escribíronse aplicacións web con mantemento de estado e separación da lóxica de negocio.

Criterios de avaliación

CA5.7 Aplicáronse os principios da programación orientada a obxectos.

CA5.7.1 Aplicáronse os principios da programación orientada a obxectos para a creación dunha aplicación web en PHP

CA5.8 Probase e documentouse o código.

4.4.e) Contidos
Contidos

Adaptación de aplicacións web existentes.

Probas e depuración.

Programación orientada a obxectos en programación en contorno servidor

Mecanismos de separación da lóxica de negocio.

Tecnoloxías asociadas.

Controis de servidor.

Mantemento do estado dos controis.

Mecanismos de xeración dinámica da interface web.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xeración dinámica de páxinas web con AJAX. Programación de servizos web.	47

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Desenvolve servizos web, analiza o seu funcionamento e implanta a estrutura dos seus compoñentes.	SI
RA8 - Xera páxinas web dinámicas, para o que analiza e utiliza tecnoloxías do servidor web que engadan código á linguaxe de marcas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Recoñecéronse as características propias e o ámbito de aplicación dos servizos web.
CA7.2 Recoñecéronse as vantaxes de utilizar servizos web para proporcionar acceso a funcionalidades incorporadas á lóxica de negocio dunha aplicación.
CA7.3 Identificáronse as tecnoloxías e os protocolos implicados na publicación e no uso de servizos web.
CA7.4 Programouse un servizo web.
CA7.5 Creouse o documento de descrición do servizo web.
CA7.5.1 Documentouse o servizo web
CA7.6 Verificouse o funcionamento do servizo web.
CA7.7 Consumiuse o servizo web.
CA8.1 Identificáronse as diferenzas entre a execución de código no servidor e no cliente web.
CA8.2 Recoñecéronse as vantaxes de unir ambas as tecnoloxías no proceso de desenvolvemento de programas.
CA8.3 Identificáronse as librerías e as tecnoloxías relacionadas coa xeración por parte do servidor de páxinas web con guións embebidos.
CA8.4 Utilizáronse estas tecnoloxías para xerar páxinas web que inclúan interacción co usuario en forma de advertencias e peticións de confirmación.
CA8.5 Utilizáronse estas tecnoloxías para xerar páxinas web que inclúan verificación de formularios.
CA8.6 Utilizáronse estas tecnoloxías para xerar páxinas web que inclúan modificación dinámica do seu contido e a súa estrutura.
CA8.7 Aplicáronse estas tecnoloxías na programación de aplicacións web.

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Tecnoloxías de servizos web.</p> <p>Mecanismos e protocolos implicados.</p> <p>Xeración dun servizo web.</p> <p>Descrición do servizo.</p> <p>Interface dun servizo web.</p> <p>Verificación e uso dun servizo web.</p> <p>Execución de código no servidor e no cliente.</p> <p>Librarías e tecnoloxías relacionadas.</p> <p>Xeración dinámica de páxinas interactivas.</p> <p>Controis con verificación de información no cliente.</p> <p>Obtención remota de información.</p> <p>Modificación dinámica da estrutura da páxina web.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Desenvolvemento de aplicacións web híbridas	26

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Desenvolve aplicacións web híbridas, para o que selecciona e utiliza librarías de código e repositorios heteroxéneos de información.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Recoñecéronse as vantaxes que proporciona a reutilización de código e o aproveitamento de información xa existente.
CA9.2 Identificáronse librerías de código e tecnoloxías aplicables na creación de aplicacións web híbridas.
CA9.3 Creouse unha aplicación web que recupere e procese repositorios de información xa existentes.
CA9.4 Creáronse repositorios específicos a partir de información existente en internet e en almacéns de información.
CA9.5 Utilizáronse librerías de código para incorporar funcións específicas a unha aplicación web.
CA9.6 Programáronse servizos e aplicacións web utilizando como base información e código xerados por terceiros.
CA9.7 Probáronse, depuráronse e documentáronse as aplicacións xeradas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Reutilización de código e información.
Arquitectura das aplicacións web híbridas.
Interfaces de programación de aplicacións dispoñibles.
Uso de información proveniente de repositorios.
Creación de repositorios á medida.
Incorporación de funcionalidades específicas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada unidade didáctica (UD), o alumnado debe obter unha avaliación positiva en todos aqueles criterios de avaliación que conforman os mínimos exigibles da mesma.

En cada UD, obterase unha cualificación en función dos criterios de avaliación incluídos nesa unidade segundo o seu peso.

Para cada UD obterase unha cualificación a partir dos resultados acadados polo alumnado nos seguintes apartados:

- Parte A): Resultado de probas teórico-prácticas: Probas individuais preferiblemente presenciais a cerca dos contidos estudados nunha ou varias unidades. Poden conter preguntas teóricas de tipo test, respostas curtas ou desenvolvemento, relación, identificación, etc., así como esixir a resolución de exercicios e supostos prácticos podendo estes ser realizados en papel ou no ordenador. Se se considera oportuno, tamén se efectuará a súa exposición e explicación mediante entrevista persoal ou telemática.

- Parte B): Cero ou varias tarefas propostas en cada UD para ser entregada/s na aula virtual. Cada unha valorarase de 0 a 10. Sempre que foran entregadas en prazo e forma, a súa valoración máxima, en función do desempeño, corresponderase co peso total da tarefa, que se incluírá no enunciado.

Os pesos de cada parte por UD pódense observar na seguinte táboa:

UD	Peso Parte A)	Peso Parte B)
1	80%	20%
2	100%	0%
3	80%	20%
4	80%	20%
5	80%	20%
6	70%	30%

A cualificación de cada UD será: $C_{UDi} = \text{PesoA}_i * C_{\text{ParteA}} + \text{PesoB}_i * C_{\text{ParteB}}$ sendo C_{ParteA} a cualificación obtida na parte A e C_{ParteB} a cualificación obtida na parte B

AVALIACIÓNS PARCIAIS

Para cada avaliación haberá unha ou máis probas que englobará/n unha ou máis unidades didácticas seguindo o formato da Parte A). A cualificación de cada Avaliación parcial obterase multiplicando a cualificación da UDi polo peso prorrateado de cada UD que formará parte desa avaliación parcial en función do peso no módulo.

Para poder considerarse a avaliación superada o alumnado deberá:

- ter superados os mínimos esixibles das UDs obxecto de avaliación
- obter un mínimo de 5 puntos en todas as UDi da avaliación
- obter un mínimo de 5 puntos na cualificación da avaliación

O cálculo da avaliación X será do seguinte xeito: $CAv X = \text{Sumatorio } (C_{UDi} * \text{PesoUDi prorrateado á avaliación X})$

-Se se superaron todos os mínimos esixibles:

- * Se $CAv X \geq 5$, a avaliación estará aprobada e aplicarase o proceso de redondeo.
- * Se $CAv X < 5$, aplicarase o proceso do redondeo.

- Se non se superaron todos os mínimos esixibles :

- * A cualificación desa avaliación será o mínimo entre [4, $CAvX$].

Se algunha avaliación está suspensa, o/a alumno/a terá que realizar a proba de avaliación final do módulo, na que se acudirá coas unidades didácticas onde obtivera unha cualificación < 5

AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO

Tanto para os alumnos que acudan á avaliación final, á proba extraordinaria, como os que aprobaron o módulo por avaliacións, a cualificación final (C_{fin}) será un enteiro entre o 1 e o 10 calculada do seguinte xeito:

$C_{fin} = \text{sumatorio } (C_{UDi} * \text{Peso UDi})$

--Se se superaron todos os mínimos esixibles:

* Se $C_{fin} \geq 5$, o módulo estará aprobado e aplicarase o proceso de redondeo.

* Se $C_{fin} < 5$, aplicarase o proceso do redondeo.

- Se non se superaron todos os mínimos esixibles :

* A cualificación do módulo será o mínimo entre [4, C_{fin}].

PROCESO DE REDONDEO:

Redondearanse os decimais ao enteiro superior cando os decimais sexan superiores a 0,5 puntos e ó enteiro inferior cando os decimais nos acaden 0,5 puntos.

CRITERIO DE DECISIÓN NO REDONDEO:

No caso de decimais de 0,5 puntos exactos, terase en conta o desempeño do alumnado na parte B de cada unidade didáctica. Se entregou polo menos a metade das tarefas ata o momento cunha puntuación ≥ 5 redondearase ó enteiro superior. Redondearase ao enteiro inferior en caso contrario.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non fora notificado da perda de dereito á avaliación continua e non acade a cualificación positiva nalgunha das avaliacións do módulo deberá seguir o seguinte procedemento para as unidades didácticas suspensas:

- No mes de xuño haberá sesións de recuperación (dende a data da 3ª avaliación ordinaria ata o examen final) onde se plantexarán traballos a desenvolver con actividades análogas ás realizadas durante o desenvolvemento da parte non superada.

Ademais haberá unha proba final que terá un formato similar ao da Parte A) do apartado 5. Criterios de cualificación.

- Para recuperar certas unidades didácticas poderá pedirse a entrega de tarefas similares ás desenvolvidas durante o curso. Ditas tarefas deberán entregarse con anterioridade á realización da proba final e representarán un peso dentro da UD que se anunciará no enunciado. Estas tarefas substituirán ás tarefas da Parte B) de cada UD a efectos do cálculo do redondeo.

- Para as UD's restantes onde non se requira a realización dunha tarefa, a proba final terá un formato similar ao da Parte A) e valorarase sobre 10 puntos e, polo tanto, non se terá en conta a valoración da Parte B) (salvo para o criterio do redondeo na avaliación final).

Trala terceira avaliación darase a coñecer ao alumnado que UD's requirirán a entrega dunha tarefa para a súa recuperación.

O alumnado tan só terá que recuperar as UD's suspensas de avaliacións suspensas.

Se ao longo do curso ou na avaliación final, o/a alumno/a non supera a UD2, pero acada unha avaliación positiva na unidade didáctica 4 (UD4), froito da avaliación continua, considerarase superada a unidade didáctica 2 (UD2). No caso de non superar a UD2, pero superar a UD4, a cualificación da UD2 será a mesma que a da UD4 de cara ao cálculo da cualificación na avaliación final. Por este motivo, na recuperación, so haberá probas para a UD1, UD3, UD4, UD5 e UD6.

Unha vez obtidas as cualificacións de cada UD, calcularase a nota da avaliación final como se indica no punto 5. Criterios de cualificación > AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua, para superar o módulo deberá realizar:

Unha proba teórico-práctica individual a cerca dos contidos do módulo. Poderá conter preguntas teóricas de tipo test, respostas curtas ou desenvolvemento, relación, identificación, etc., así como esixir a resolución de exercicios e supostos prácticos podendo estes ser realizados en papel ou no ordenador. Se se considera oportuno, tamén se efectuará a súa exposición e explicación mediante entrevista persoal. Cada unidade didáctica valorarase sobre 10 puntos e non se terá en conta a valoración da ParteB. A continuación levarase a cabo o cálculo da cualificación final do módulo descrita no apartado 5

A proba terá preguntas sobre todas as UD's e obterase una cualificación para cada UD. Unha vez obtidas as cualificacións de cada UD, calcularase a nota da avaliación final como se indica no punto 5. Criterios de cualificación >AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO

Considerarase superado o módulo, se o alumno/a:

- supera os mínimos esixibles
- obtén un mínimo de 5 puntos en todas as UD's da avaliación
- obtén un mínimo de 5 puntos na cualificación da avaliación final

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15/07/2011), determina no seu artigo 23º.5 que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo. Ademais, a Orde establece que a programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias, e que o referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

Polo tanto, atendendo á normativa vixente o procedemento acordado ,ao inicio de curso en reunión de departamento, é o seguinte:

-O seguimento da programación de cada módulo farase a través da aplicación web Xestión das programacións, da consellería de educación (<https://www.edu.xunta.es/programacions/>).

-Será realizado polo/a profesor/ra responsable de cada módulo dende a aplicación ao longo do curso, recoméndase que cada vez que se inicie/remate unha unidade se anoten as datas de inicio/fin na aplicación. Tamén é conveniente sinalar por cada unidade a data en que é avaliada, sesións realizadas, grao de cumprimento, e todas aquelas observacións que o profesorado estime oportunas.

-Dende o departamento establececese un calendario para a realización do seguimento das programacións.

1. Durante as reunións de departamento irase dando conta das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do establecido na programación.
2. Durante todo o curso iranase actualizando aquelas cuestións que se consideren relevantes no desenvolvemento da programación coa periodicidade acordada
3. Ao finalizar cada unidade didáctica revisarase a correspondencia da programación, anotando as desviacións e analizando as causas.

Na avaliación da propia práctica docente, tras cada avaliación porase a disposición do alumnado na aula virtual unha enquisa de participación totalmente anónima para avaliar a propia práctica docente co obxectivo de obter retroalimentación e suxerencias de mellora.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase un cuestionario de avaliación inicial para recoller información relevante sobre o alumnado: tempo de adicación, compatibilización con traballo, limitacións técnicas ou necesidades educativas especiais,

etc.

Tamén se realizará un cuestionario de coñecementos previos para avaliar o grao de coñecemento dos contidos relacionados co módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo terán como obxectivo potenciar aqueles coñecementos e procedementos, englobados nos contidos mínimos esixibles, que non foron superados polos alumnos nas diferentes probas de avaliación e recuperación desenvolvidas ó longo do curso. Para isto proporanse:

- Atención individualizada en determinados momentos do desenvolvemento da materia.
- Exercicios extra para consolidar no alumnado nalgúns contidos e/ou procedementos nos que teñan dificultades.
- Establecer grupos de traballo heteroxéneos formados por alumnos con coñecementos previos diferentes, co obxecto de fomentar os procesos de aprendizaxe entre os alumnos.
- Atención especial aos alumnos con deficiencias de comprensión e seguimento de contidos.
- Coordinación de accións co Departamento de Orientación naqueles casos que se considere necesario.
- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e actividades.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe transmitiráselle ao alumnado:

- A necesidade de respectar o material existente no taller, tanto hardware como software.
- A obrigatoriedade do cumprimento da normativa vixente en canto ao non emprego de copias ilegais de software.
- A necesidade de manter a confidencialidade dos datos que así o requiran e respectar a propiedade intelectual.
- A necesidade de manter un clima de respecto cara aos compañeiros e ao profesor.
- A igualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- A non discriminación dos compañeiros por razón de raza, sexo, nacionalidade, relixión, etc.
- O coidado da presentación da documentación para transmitir un maior grao de profesionalidade

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se programaron actividades específicas para este módulo.

Se así o consideran os órganos competentes do centro, o alumnado poderá participar das actividades programada polo departamento de Informática que se relacionen cos contidos do módulo.

10. Outros apartados**10.1) Posibles axustes**

Se por mor de falta de tempo, algúns criterios de avaliación non puidesen ser aplicados por non ter avanzado o suficiente nos contidos para unha determinada UD, o peso dos criterios non avaliados nunha UD repartirase equitativamente nos pesos dos criterios de avaliación que si poderán ser avaliados na mesma UD. Así se fará constar nos Seguímentos da Programación e ao alumnado na aula virtual.